

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 4 DE NOVEMBRO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**38/08.- Manuel Barbazán Vidal.-** Rehabilitación de vivenda en Carballal.-

**865/08.- Ramón Ruanova Lagares.-** Vivenda unifamiliar en Sarela de Abaixo.-

**619/08.- Oscar Rey Iglesias.-** Vivenda unifamiliar no Lugar de Aramio.-

**167/08.- María Fernández Calviño.-** Rehab. viv. unif. no Lugar de Pereiras, San Caetano.-

**1810/08.- María Vieito Liñares.-** Derruba viv. unif. na Rúa do Romaño núm.47.-

#### DENEGADAS.-

**726/08.- Carmen Rey Rey.-** Ampliación de viv. unif. na Rúa de Vite de Abaixo núm.23.-

#### DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

**1290/08.- Manuel Ginarte Cabada.-** .....Expte....1982/07.....Denegada.-

**1487/08.- Pilar Fernández García.-** .....Expte....1688/97.....245.000 ptas (1.472,48 €).-

**1049/08.- Acciona Infraestructuras, S.A.-** .....Expte...2658/04.....15.000 €.-

**1252/08.- Genma del Salvador Castillo González.-**Expte.197/01..126.000 ptas....(757,27 €).-

**2139/08.- Juan Sanmartín Ferreiro, S.L.-** .....Expte...2220/07.....2.500 €.-

**2140/08.- Juan Sanmartín Ferreiro, S.L.-** .....Expte...2475/05.....6.000 €.-

#### TRAMITACIÓN DE LICENZA PRESENTADA POLA ENTIDADE CLH AVIACIÓN, S.A. DE REGULARIZACIÓN DE LICENZAS E AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS POR PARTE DO CONCELLO RESPECTO DAS INSTALACIÓNS DE COMBUSTIBLE DO AEROPORTO DE SANTIAGO.- LAP/147/2008.-

#### APERTURAS.-

**Lap/424/06.- Vodafone España, S.A.-** Instalación dunha antena de telefonía móbil en Vía La Cierva núm.10.-

**Lap/310/07.- José Antonio Riveiro Codesido.-** Apertura de café-bar-restaurant-pensión en Rúa San Lázaro núm.54.-

### OCIHR

#### LICENZAS

**LIC/2036/2008.- PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA SL.-** Colocación dunha grúa torre nunha obra no edificio sito na rúa de Fonte de Santo Antonio nº 8.

**LIC/810/2008.- ADUR PROYECTOS SL.- PRIMEIRO:** Informar favorablemente a solicitude para rehabilitación de vivenda unifamiliar na Ribeira de San Lourenzo, 2

SEGUNDO: Remitir a solicitude de tramitación de autorización autonómica en solo rústico ós efectos do previsto no artigo 41 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**LIC/1794/2006.- SIFEX Y VISPO S.L.** Rehabilitación de edificio para un total de 15 vivendas, 2 locais comerciais e rocho na rúa do Hórreo 50-52

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZA

**LIC/990/2007.- JORGE JAVIER CHOREN NOYA.-** Devolución de fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación de edificio na ruela da Oliveira nº 2. 1.500 €

#### DISCIPLINA.-

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

**DIS/1356/2008.- DIGNA PAIS GORGAL.-** Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa da Fonte de San Miguel, nº 8 – Ruela de Xerusalén, s/n. Importe. **601,00€**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á declaración de caducidade e revogación de licenzas de casetas da Praza de Abastos.**

Declárase a caducidade da licenza e a revogación das concesións de tres casetas.

**6.- Adxudicación provisional das obras de urbanización de terreos municipais para Zona Deportiva en SAN LÁZARO (fase I) 2ª licitación.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, SA, por un importe de 1.60.000 máis IVE e un prazo de execución de 10 meses.

**7.- Adxudicación provisional do servizo de conservación e mantemento dos campos de fútbol de San Lázaro I, San Lázaro II e das zonas verdes anexas do campo de fútbol de Santa Isabel.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa CESSA, SA, por importe de 47.890 euros máis IVE.

**8.- Servizo de Mantemento da infraestrutura da rede de telecomunicacións do Concello de Santiago de Compostela.**

Adxudícase provisionalmente o servizo á empresa TELINDUS por importe de 21.982 euros máis IVE.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do gasto para o desenvolvemento do programa "Información e formación en prevención de drogodependencias para alumnos/as da ESO".**

Apróbase un gasto de 17.670 euros para o devandito programa.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación de subvencións ás Asociacións de Veciños 2008.**

Apróbase a concesión de subvencións a 34 asociacións veciñais por un importe total de 73.076 euros.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das actividades con motivo da celebración da Semana da Ciencia.**

Apróbase a realización das actividades e un orzamento de 1.634,91 euros.

**12.- Corrección de erro no acordo número 14 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 30.09.08.**

Corríxese o devandito erro relativo á prórroga e revisión de prezo do contrato de aluguer dun local empregado polo departamento de Educación.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do convenio de colaboración coa Fundación Eugenio Granell.**

Apróbase o convenio polo que o Concello achega 94.356 euros.

**15.- Proposta da alcaldía relativa á corrección de erro no punto número 84 da sesión de 7.10.08.**

Corríxese o devandito erro relativo a unha partida orzamentaria.

**16.- Dar conta da resolución do Ministerio de Economía e Facenda relativa a unha "INCIATIVA URBANA (URBAN)".**

Tómase coñecemento da asignación de 8.003.513 euros como axuda do FEDER asignada ao Concello para cofinanciar a proposta presentada no marco da convocatoria do Programa Iniciativa Urbana e denominada Iniciativa Urbana Santiago Norte.

**17.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais.**

Dáse conta da resolución da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pola que se concede unha subvención ao Concello para a prestación de servizos sociais (persoal de atención primaria, axuda a domicilio e xestión de programas) por importe de 426.709 euros.

**18.- Dar conta da concesión ao Concello de subvencións da Deputación da Coruña para a contratación dun animador/a cultural para dinamización educativa e da mocidade, e para a Escola municipal de Música-ano 2008.**

Dáse conta de dúas subvencións concedidas pola Deputación da Coruña para o desenvolvemento do programa de animadores culturais para a dinamización educativa e a mocidade (7.500 euros) e para a Escola Municipal de Música (10.000 euros).

**URXENCIAS**

**1- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento interino de dous uxieres.**

Acórdase nomear dous funcionarios interinos para as prazas de uxier vacantes.

**2.- Adxudicación provisional das obras incluídas no proxecto básico e de execución dun pavillón polideportivo en Fontiñas.**

Adxudícase a contratación das obras incluídas no proxecto básico e de execución dun pavillón polideportivo en Fontiñas á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por un importe de 1.687.543 euros máis IVE e cun prazo de execución de 14 meses.

**3. Proposta da concelleira delegada de CSC relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación de A Coruña para financiar o CSC e xuvenil do Ensanche.**

Apróbase o convenio de colaboración coa Deputación para financiar o sostemento do CSC do Ensanche durante 2008 por importe de 180.000 euros.

**4.-Proposta da concelleira delegada de CSC relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación de A Coruña para financiar o sostemento de CSC durante 2008.**

Apróbase o convenio de colaboración coa Deputación para financiar o sostemento de centros socioculturais durante 2008 por importe de 145.000 euros.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa ao reparto das subvencións destinadas ao fomento de actividades deportivas puntuais para 2008.**

Apróbanse subvencións para un total de 138 actividades puntuais para 2008 por importe de 70.900 euros.

**6.-Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á contratación da primeira fase dos traballos de elaboración dun censo de locais de hostalería e restauración do termo municipal.**

Contrátase a primeira fase de traballo do que vai ser o encargo global de elaboración do censo de actividades de hostalería do termo municipal á empresa C. CONSULTING VIGO, SL, que ofrece a realización dos traballos por un importe de 16.800 euros (máis IVE). Duración máxima dos traballos: ata o 15 de decembro de 2008.

**10. Dar conta do convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio para a intervención no parque Granell e na Selva Negra.**

Dáse conta do convenio por importe de 600.000 euros.